

# *camión zombi*

Cris Pavón



## 1

Compostela. Rúa de San Pedro. Un camareiro contempla con abraio o grupo grande e compacto que avanza pola rúa, e levanta os brazos en sinal de benvida.

- Peregrinos! Aleluia!

A dona da cafetaría sae ao escoitalo e –as mans xuntas, os dedos entrecruzados– olla ao ceo agradecida.

- Xesús, escoitaches as nosas súplicas!

Unha moza cun carriño, camiño do mercado, párase a mirar o grupo.

- Pero que pintiña traen! Farrapentos, sucios! Non atoparían unha ducha polo camiño?

- O caso é que veñen, filla! Vaslles poñer reparos co ano que levamos? Benvidos sexan!

Unha parella detén o paseo pola Ferradura e observa a manda de camiñantes que sube o Pombal, reborda a beirarrúa e invade a calzada.

- Home, por fin, peregrinos! E un fato xeitoso, non catro *quiris* que non fan Xacobeo!

- Ai si, que xa vai avanzada a temporada e a cousa non pintaba moi ben. Pero veñen como rebentados... Non ves, como abanean ao andar?

- Si, moi frescos non parecen. E non teñen boa cor. Deberon meterse un bo trote!

- Pois mochilas non traen. E a roupa semella a que puxeron ao saíren da casa.

A mesma escena –avance de nutridos grupos de peregrinos desastrados– repítese por outras rúas da cidade e enche de ledicia ao gremio hostaleiro. Que, aínda así, non deixa de comprobar que este ano veñen peculiares, por dicilo suavemente. Amais do aspecto desaliñado e os penosos andares, falan entre pouco e nada, e o pouco que falan éche ben raro, ninguén lles entenden. Farfallan moito, iso si, cando atopan atrancos e se ven obrigados a deter a

camiñada, circunstancia que os incomoda visiblemente.

Pero unha hostalería curtida e avezada non se apouca por cousa tan nimia.

- Tedes cara de querer zorza, eh? Ben fritida e con ben de picante, va que si? Pero parádevos aí, xentiña, non podedes pasar detrás da barra!
- Gromff broug manf gromff
- Ai, andan feitos uns túzaros este ano! Pero que lles deron?
- Aiiigkk ongg aiiigkk
- Véñenche bravos, cona!
- Veñen ho! E moi desastrados, por non dicir feitos uns porcos ...
- Broug manf gromff
- E non se lles mira intención de pórllle remedio, non os ves entrar nun hotel, nunha pensión... Isto que é?

Xa chegara algún avance da súa especial condición, pero non se lle quixo dar creto. Había auténtica desesperación por volver a despachar consumicións e contabilizar pernoitas, e as informacións desfavorables ignoráranse concienciadamente. Minucias, rumores, ruxerruxe de medios que de algo tiñan que falar, se cadra a favor doutros centros turísticos. Iso se pensou. Mais agora, á vista está que a horda peregrina pode traer máis problemas que beneficios.

Mentres a grea circula por rúas amplas, aínda ben, pero xa por vías angostas, a cousa complícase. Os atrancos enérvanos. Na estreita calella de Entrerrúas, obstruída de socato coa riada camiñante, que non vai cara a adiante nin atrás, comezan a mostrarse violentos.

- Gromff broug manf gromff!!
- Aiiigkk ongg aiiigkk!!!

Berran e empurran con ganas.

- Banzai! –brada unha de trazos asiáticos, que tenta gabear pola parede.
- Avanzai, si, avanzai, pero amodo, muller, con xeito, sen empurrar, que vides nun plan... Esta xente non atende a razóns!

A poboación axiña aprende que non lles hai que facer fronte, pois alporízanse moitísimo, mentres que se os esquivan ao final a cousa non pasa duns

repuxóns. Só baten en quen teima en non deixarlles paso, aí póñense intratables e témesse que cheguen a esganar a alguén. Así a xente opta por achantar e botarse a un lado, pois senón literalmente pasan por riba de calquera, persoa ou cousa.

É unha nena –como non– quen chama as cousas polo seu nome. Asomada á fiestra do seu piso, na rúa Frei Rosendo Salvado, berra:

- Mira mamá, zombis!
- Que non me gusta que andes a ver esas pelis, Tamara, que logo tes pesadelos.
- Non, na rúa, mira!

A nai asómase, fítaos uns instantes e menea a cabeza.

- Shhh. Non berres, nena, non molestes a esa xente.
- Pero se son zombis, mamá! Teñen os ollos idos, andan coma zombis. Son zombis!
- Que van ser, rula, son camiñantes, peregrinos, van visitar a catedral. Nos os amoles, cariño.
- Pero atrancaron a rúa, eles si que amolan!

Certo. Esa e moitas outras rúas. Todas as que conflúen na catedral son xa intransitables, abarrotadas destes camiñantes que tratan de chegar –dende o helicóptero da policía vese claramente– á praza do Obradoiro.

## 2

Camiñan en silencio pola irrecoñecible bisbarra. Xa non se miran casas nin sinalizacións. O cansazo fai mela no ánimo, ese é un motivo para ficar calados. Outro é evitar recriminarlle a Eloi a ocorrencia. El dixerá de ir a un albergue que non figuraba na guía, e teimara no tema: o lugar debía ter moito encanto, a dona asegurálle que había prazas de sobra. Todos estiveran de acordo en ir aló, certo, pero nesta hora escurecida sería doado botarlle a culpa ao promotor da iniciativa, por non ter o camiño claro, por non querer admitir que se perdera. Se cadra tampouco fora boa idea fumar eses petas na andaina, desa maría forte de raio. Mais o día ía moi bo, convidaba a realzalo co seu efecto ledó, mesmo un chisco alucinóxico. Día bonito, si, antes de que entrara esa brétema que os rodeou decontado e na que camiñan hai horas. Mágoa que nesa altura xa non teñen cobertura e non poden chamar ao albergue, nin mirar o googlemaps. Que seguramente tampouco lles serviría de moito.

Pasan das 18 horas e a luz agóchase neses montes pirenaicos. O ánimo ensombrécese máis co frío que xa se fai notar, e Sandra vai romper o silencio cando, nun relanzo do camiño, aparece un sinal como caído do ceo.

- A cuncha xacobeá!

Eloi solta un bufido de alivio, máis forte que os demais.

- Non iamos errados logo!

Todos apuran o paso e enxergan a silueta dun edificio.

- Velaí está!

- É ese, logo?

- Ten que ser.

Petan na porta, pois non atopan timbre nin cousa parecida. Chaman a voces pola señora coa que se falou. Non hai resposta, e aquilo vese moi pechado.

- Chama por teléfono.

- Que non hai cobertura!

- Se cadra hai outra entrada. Imos ver.

Mara atopa unha fiestra que se deixa abrir e, logo de berrar ao través dela e non obter resposta, métese dentro seguida do resto do grupo. Premen nos

interruptores da luz, mais non hai electricidade. Seguen a dar voces chamando pola dona, por alguén. Nada. Polo menos teñen un teito baixo o que durmir. Baixo a escasa luz das lanternas, desas que se cargan con manivela, vanse movendo polas instalacións, limpas e despexadas, estrañas para un albergue. Albiscan algunhas cunchas xacobeas máis, que non disipan por completo as dúbidas respecto a se é ou non o sitio buscado. Cuartos peculiares. Duchas, lavabos, pías, lavadoras, máquinas descoñecidas. Dispositivos de limpeza, moitos, pero as camas onde están? Grandes arcas, gaiolas herméticas, instalacións que ben poderían ser un pequeno animalario. Seguen a abrir portas esperando atopar liteiras. Pero non. Andeis, armarios, neveiras. Neveiras coa cuncha de vieira.

- Provisións para peregrinos! –di Xermán, o máis famento, e con decisión abre unha neveira– hai bebidas –e logo outra– bebidas tamén –e outra máis– só hai bebidas, bebidas enerxéticas, hostia! Pois veña! –e engulle varias.

Afeitos á fame incontible que lle da cando fuma, xa non lle reprenden a actitude. Escollen unha das salas e dispóñense a pasar alí a noite. Axiña caen nun sono espeso e longo, arroupado polo denso silencio do lugar.

Un urro esgazador racha as tebras e os sonos. Un corpo se revolve entre eles polo chan, ao tempo que se laia con berros arrepiantes, bate contra todos, convulsiona esaxeradamente. O medo apodérase deles de xeito que lles custa acender unha lanterna, pero, logo duns instantes, xa non a precisan para saberen que os brados son do lambón do Xermán. Intentan acalalo inutilmente, achéganse para suxeitalo e nese intre trouza e salpícaos a todos.

Contendo o noxo, agárrano, envólveno cun saco e intentan inmovilizalo para que non se magoe coas sacudidas. Pero o ghicho non ten acougo. Esgaza as febles ataduras, racha co saco, boura contra paredes e mobles e sae á noite xélida deixando a porta aberta e os compañeiros petrificados.

Helena fai un amago de saír tras el, pero axiña decátase da inutilidade do xesto. Fican dentro, estarecidos.

- Que demo pasou aquí?

- Arrabeou.
- E nos imos ser os seguintes.
- Non o imos buscar?
- Non sei como. Nin para que. Que dea unha volta a ver se co frío acouga.

Quitán as roupas manchadas co vómito e vólvense deitar co ánimo encollido.

Á mañá berran todos con voces destemperadas, aínda cun fío de lucidez, e a desesperación de saberse acabados. Tras terribles convulsións que os deixan esgotados, érguense cheos de decisión, esquecido o cansazo. Reoríéntanse cara ao camiño como a ferralla fronte a un imán, e bótanse a andar sen pausa e sen mirar atrás.

As portas do que tomaron por albergue quedan abertas, baten de cando en vez co vento frío da mañá. A néboa desapareceu e vese con claridade o que, fumados na noite de brétema, tomaron pola cuncha xacobeá: o símbolo de risco biolóxico.





### 3

Pequenos grupos de turistas a carón da escalinata do Obradoiro escoitan os recitados de cadanseu guía:

- Tralas obras de restauración, o templo pódese visitar de luns a domingo, de 9 a 20:30 horas, con entrada pola porta de Praterías ou a Porta Santa. Ademais, os peregrinos que o desexen poderán visitar gratuitamente o Pórtico da Gloria, previa retirada das entradas cun máximo de sete días de antelación.

Concentrados nas volutas da fachada e na información, non se decatan da morea de camiñantes que rebordan as rúas próximas –Huertas, San Francisco, a porta de Xelmírez–, e se dirixen cara a eles. Cando intentan botarse a un lado para deixarlles paso é demasiado tarde. Vense arrastrados pola marabunta e, mesturados con ela, ascenden as escaleiras de Ginés Martínez cal exame de formigas xigantes, turbamulta imparabile cun único obxectivo: seguir adiante. Pero non a calquera sitio, senón cara ao piar que divide o arco central do pórtico da Gloria e sostén no alto ao Pantocrátor. A masa zombi salta o control da entrada sen alardes de violencia. A súa dinámica de fluído mesto impónse fronte a barreira tan nimia como o requirimento dun boleto.

Veñen dende Carretas, o Franco, Fonseca, Trindade, a rúa Nova e a do Vilar, a rúa da Raíña. Avanzan coma un líquido viscoso cara á columna do parteluz, o tronco de pedra do que nacen as ramas vizosas e pródigas en músicos, anxos e bíblicas xentes. Chegados alí, procuran a face interior, onde o mestre que conxugou as forzas de tantos artesáns nesa obra para os séculos, deixouse representado. E ao seu xeito rudo, mudo, indiscutible, baten contra o santo dos Croques os tres potes de rigor.

Cada un dos que bate deixa espazo para o seguinte, empurrado polos demais. Porén, logo de dar os croques xa non son quen de parar de bater: deixan o camiñar sen acougo e pasan a modo martelo, a mazar a cachola contra muros, columnas, pedra de todo tipo, pedra histórica labrada preferiblemente. Esparéxense polas naves e capelas na procura doutras columnas contra as que satisfacer ese impulso bourador que semella inesgotable. Só a presión

exercida pola manda de novos camiñantes consegue que saian da catedral e deambulen polas prazas e rúas, sen perder ese movemento de cabeza, ese golpear o aire que busca ansioso máis pedra na que bater.

#### 4

A reporteira Iria Bico e maila súa compañeira cámara, empoleiradas nun dos carballos do paseo da Ferradura con vista á catedral, dan conta do que acontece.

- De momento aquí pódese circular, pero hai xa certa densidade de camiñantes e preferimos poñernos nunha altura para non os obstaculizar, e que eles non interrompan esta emisión. Xa sabemos cal é o destino destas riadas de andantes: a catedral, por suposto, pero moi concretamente o santo dos Croques. Van e danse de cabezadas decontino. Iso logo de saltarse a entrada, tan primorosa e recadativamente organizada pola administración e mais a fundación Barrié. De la maza. Maza parece que ten esta xente por cabeza pois non cansan de petar con ela no santo dos Croques, e logo no que pillan por diante, as columnas interiores, os trascantos, mazan sen acougo na basílica e nos muros de todos lados.

Isto relátanolo xente que estaba dentro da catedral cando foi asolagada por esa tromba espectral de camiñantes, non sabemos que nome darlles, peregrinos non parece que lles corresponda... Ao principio eran mandas, agora é unha tropa inxente, unha invasión, non abertamente agresiva, pero ben inquietante.

Atendemos a chamada dunha espectadora. Boa tarde, Rosa, que nos quere contar sobre o que estamos a vivir?

- *Isto é morrer de éxito, quen nolo ía dicir, nós temerosos de que non viñera case ninguén e mira ti, veñen que non paran! E non marchan! Unha avalancha, iso é! Que becho lles picou, Señor? De onde ven esta xente, e nestas condicións? Que pasou para termos que sufrir este castigo? Que mal fixemos? Condenados! E que xeito de abalar dun lado ao outro, e ese ollar perdido, agoniado, que desgraza de visitas dior mío querido!*
- Grazas, Rosa, e ánimo, non se veña abaixo! Atendemos outra chamada, da familia Loureiro.
- *Esta xente ten unha infección, está claro. Sans non están, non hai máis que velos. Hai que medicalos ou facerlles algo para reorientalos...– ditamina a*

*nai.*

- *E amais é contaxioso, mira senón os pícaros como xa empezan a andar coma eles –láíase o pai.*
- *Iso é por xogar, home, é coña. Brais! Pónteme dereito que xa me estás amolando!*
- *Canto máis llo digas peor, déixao que xa se lle pasará –recomenda a irmá maior.*
- Sorpresa, abraio, preocupación. A afluencia de, chamémoslle camiñantes, non mingua. Que lle pasou a esta xente? Que vai ser de nós? A policía local tenta controlar a situación, porén, todo o casco histórico está invadido, os vehículos non poden circular e a xente, a duras penas, intenta saír do que xa é unha trampa. Mentres procuramos contacto coa consellería do Xacobeo, imos intentar achegarnos a outra zona, malia non ser cousa doada moverse pola cidade. Volvemos con vostedes decontado.

A reporteira Iria Bico, expulsada da crtv g por exercer o xornalismo, está de novo empoleirada nunha árbore, agora no parque de Bonaval. Alcumada xa ‘A baronesa rampante’, ve medrar de hora en hora o número de seguidores nas redes sociais. Logo de rubir a castiñeiros, de indias ou autóctonos, acomodouse nun fermoso tileiro, dende o cal vense as agullas da basílica. É o máis cerca que se pode estar da catedral, tomada, como todo o casco histórico e boa parte da vila, polos camiñantes. Que tamén pasean por aquí, taciturnos. Non lles gusta perder o contacto co chan e, se o fan, é agoniados por non atopar outra vía de movemento. Porque non son quen de deterse. Se non queda máis remedio agatuñan polas paredes, e haiche moitas aquí, con relevos e paramentos polos que gabear e nos que acomodarse.

- A Consellería de Turismo Xacobeo debe estar baixo un estrés impresionante. Quixemos falar con algún portavoz e dixéronos que farán un comunicado a non moito tardar. A vindeira semana, a ver. Namentres lembramos o que hai ben pouco dicía o conselleiro: “Non podemos esquecer que a acollida ao peregrino é precisamente unha das

características fundacionais do Camiño de Santiago, que actualiza e renova ese espírito de solidariedade que tradicionalmente imperou en Galicia.“ Hoxe os habitantes da vila ven posto a proba ese espírito de acollida. Abofé que si!

E preguntámonos todos: como chega a Compostela esta manda, esta peregrinación tan atípica, sen que se teña noticia previa dela? Neste servizo non temos correspondentes no resto da península –ha ha ha–, xa que logo procuraremos información nas redes sociais. Algúns chíos de twitter din que en varias cidades da península estanse a producir desviacións de concentracións xa existentes: grandes grupos de aficionados ao fútbol que facían cola para entrar en diversos estadios, abandonan a espera e súmanse á camiñada. Obsérvase tamén este fenómeno en colas de centros comerciais, que se redirixen aos camiños de Santiago.

## 5

H. Oliveira fala co representante dun selecto grupo de posibles inversores. Esfórzase por soar convincente, accesible e, asemade, voceiro da vangarda tecnolóxica.

- A terapia xénica ten un potencial inmenso, abre un mundo de posibilidades inimaxinables hai ben pouco. Pódese editar o xenoma con precisión exquisita mediante a técnica CRISP-cas9, desactivar xenes defectuosos que provocan enfermidades, coma quen tacha unha palabra mal escrita nun parágrafo.

Vese que ao potencial inversor lle gustou esa imaxe, pois intervén moi animado.

- Reescribir o que ten erros. Fantástico! Pódense logo eliminar os xenes que provocan a desviación sexual dun individuo? Garantir individuos sans, erradicar as aberracións sexuais, iso é posible?
- Poderíase, por exemplo, homoxeneizar aspectos do fenotipo, para que case co xenotipo. Evitar homes con cromosomas XX e mulleres con cromosomas XY, individuos que por culpa dun xene desenvolven órganos e caracteres sexuais secundarios do sexo que non lles corresponde...
- Entendo que está a falar de intersexuais, andróxinos e xente así. Digamos que son os casos extremos e, por suposto, interésanos. Mais coa homosexualidade, que se pode facer? É posible tratala con biotecnoloxía? Curala?

A pregunta non colle a H. Oliveira por sorpresa.

- Toda conduta humana ten, en última instancia, unha base biolóxica. A tarefa de determinala é un reto importante. Pero non é sinxelo, non se rexe por esquemas simples. Unha cousa é que un xene codifique unha proteína, e outra ben distinta que se poida modificar a conduta dun individuo cortando o ADN aquí e pegando alá. A comunidade científica, na súa práctica totalidade, nega que a homosexualidade estea suxeita a un determinismo xenético –pausa dramática–. Pero hai pouca investigación concluínte neste tema.

- Sabemos dun estudo recente que confirma que, se ben non hai un xene da homosexualidade, si hai varios marcadores xenéticos –o inversor olla cara ao seu asistente, que asente coa cabeza– que inflúen na orientación sexual. Cre que aí hai posibilidades?
- Vexo que está ben informado –admite con velada condescendencia–. Por suposto, podemos intervir nese ámbito se lles interesa.

Aceno ilusionado do potencial inversor.

- Ben! Non podemos seguir coas terapias de conversión: están moi contestadas socialmente, acúsanos de levar á depresión e ao suicidio e, sobre todo, demostraron non ser efectivas. Mire os de Exodus, que papelón fixeron!
- Exodus era unha organización dedicada a combater e ‘curar’ a homosexualidade –aclara o asesor do inversor–. Pechouna o seu fundador en 2013.
- Cómpre atallar o mal de raíz! E a raíz está na bioloxía, non é? Pois actuemos aí!
- Como dixen, queremos desenvolver procedementos de terapia xénica coa maior celeridade posible. O noso equipo científico pode investigar a base fisiolóxica e xenética da orientación sexual e, a partir de aí, desenvolver un método que incida sobre ela e a modifique. Pederastia incluída –arriscou Oliveira–. Podemos cinguirnos a unha proposta inicial prudente, de terapia xénica sen tocar a liña xerminal, pero tampouco a desbotamos. A maior risco, maior rendibilidade. Os chineses xa están a facer edición xénica con embrións humanos!

Inversor e asesor cabecean impresionados.

- Xa que logo, contamos coa súa participación?
- Contan. Non imos entrar nosoutros nos detalles da avaliación do proxecto, iso queda para os técnicos. Mais queremos garantías de que se busque o resultado apetecido por nós. Non limitarnos aos aspectos económicos, senón asegurarnos o seu alcance social.

H. Oliveira non pode conter un sorriso, que se reflicte no inversor.

- O alcance é inmenso. A edición xénica redefinirá ao ser humano. Quen queira ter relevancia no futuro da humanidade terá que ser un actor neste eido, dispoñer destas ferramentas. O uso que se lles dea será discutible, sen dúbida, como todo o innovador. Pero cómpre estar aí.
- Moi ben. Debulle os detalles con monseñor De Sousa e eu intercederei para isto chegue a bo porto. Escuso encarecerlle a confidencialidade neste asunto.
- Enviareilles o dossier á maior brevidade.

H. Oliveira, xestor de proxectos visionarios, fai unha inclinación respectuosa e despide a comunicación.

Fronte á pantalla baleira, o inversor gorenta un momento cumio da súa vida. Non se trata de tráfico de armas, nin especulación inmobiliaria, nin un investimento de risco máis en novas tecnoloxías. Isto é obra de Deus, obriga cristiá. Dar de comer ao famento, coidar ao enfermo... Unha esixencia ética. Un paso decidido contra a degradación moral de occidente, por mencionar un só dos puntos cardinais da podremia global.

- Editar o ADN como se fose un texto! Esas letras que poden ser unha oración para que o Señor nos guíe. Ou unha blasfemia. Eses parágrafos pódense recortar e reescribir... abraiante! Alegra esa cara! –dille ao asistente, que forza un sorriso contrito.
- É que...
- Xa sei o que pensas, non fai falla que mo digas, se Deus nos fixo así, que temos nós que andar a remexer no que el deixou escrito? Si, El fíxonos libres, pero usamos mal esa liberdade. Cómpre cortar as pólas enfermas, queimalas para que a pezoña non contamine o aire que respiran os demais. Coa intervención no xenoma non pretendemos eliminar a liberdade individual, só queremos o que se fai coa boa alimentación, a boa educación, as necesarias podas nunha árbore: formar do mellor xeito posible. Táchannos de conservadores e reaccionarios, mais é ao contrario, estamos a prol da ciencia e dos avances tecnolóxicos que aseguran o plan divino. Hai que estar cos tempos. Mudar o púlpito polo laboratorio.



## 6

Dende o inicio da non recoñecida crise, altos cargos da Xunta veñen facendo intervencións na crtvg con animado ton institucional, congratulándose da chegada dos peregrinos.

Seguindo a recomendación do gabinete de comunicación, o propio conselleiro de Turismo Xacobeo concede unha entrevista a pé de rúa para xerar confianza na poboación e disipar reticencias de turistas e residentes, que nada deben temer. Os xornalistas convocados seguen a consigna e fan caso omiso dos camiñantes que se van achegando ao lugar da cita. Ignóranos mesmo cando un deles vomita a rentes dunha reporteira que, sen recuar, continúa no seu posto, micrófono en man.

- Que mensaxe mandaría vostede, señor conselleiro, á xente que pensa na posibilidade de facer o camiño xacobeo?
- Que temos un riquísimo patrimonio cultural que queremos partillar con todo o mundo. Agardámoslos cos brazos abertos!
- Mais este ano é ... especial, evidentemente.
- Certo, este ano é... ano Santo, e os anos santos recibimos moitos máis peregrinos e... como non pode ser doutro xeito, celebramos a maior afluencia de visitantes e... traballamos arreo para que teñan a mellor estadia posible... e...

Os camiñantes van facendo presión, tentan ocupar o espazo baleiro na praza. As forzas de seguridade –unha ducia de policías municipais e varios escoltas– tratan de mantelos afastados do conselleiro sen facer grandes alardes, mais por veces téñense que pór rexos. E conter o noxo que dá esa tropa, cotrosa e como comida pola sarna. E mira que escolleran un sitio tranquilo para o acto, a praza do Toural, de aforo mediano e accesos controlables, dixeran.

Pero estes moinantes chegan a todos lados e cando menos se os espera, e fanlle perder a concentración ao conselleiro, que se trabuca. Mira de esguello no teléfono unha mensaxe do asesor, cos puntos clave da intervención, mais non da lido. Un xornalista leal apresúrase ao rescate.

- Que salientaría vostede da peregrinación xacobeá con respecto a outras?

Sorriso dorido do conselleiro, que se repón enfundado no seu ben escollido traxe.

- A diferenza con outros lugares de peregrinación, onde o importante é chegar, o xacobeo ven marcado pola importancia do camiño, dos longos camiños trufados de historia que conducen até Compostela. Claro está que nunha peregrinación ten que haber unha meca, perdón, unha meta, pero a andaina é o esencial, iso marca a diferenza.
- Fálase de que outros centros turísticos e relixiosos sofren un marcado descenso de visitas. É unha crise dos modelos de turismo relixioso? Cre que iso pode afectar a Compostela?

Un grupo de camiñantes salta por riba do valado policial e achégase ao conselleiro, sansanicando os membros corroídos. Son reprimidos con contundencia por algúns axentes, que conseguen deter momentaneamente a súa marcha, e mesmo bater nalgún xornalista pouco atento.

- Ningunha crise nos está a afectar, salta á vista. Haise que adaptar ás novas circunstancias, pero, en fin, falta de visitantes? Velaquí os temos.

Un xornalista, empurrado polas circunstancias e a masa andante, non é quen de conter a pregunta obvia.

- Como valora, señor conselleiro, a invasión que sofre a cidade actualmente?
- Por que emprega vostede ese ton pesimista? Hai certa saturación, como acontece noutras cidades sacras do mundo, mais de xeito ordenado e pacífico.

Os camiñantes recrúan as ondas de empurróns e comezan a berrar de xeito máis que audible. Urxe rematar a entrevista, logo que o conselleiro diga a última palabra.

- O Plan Xacobeo é un éxito, como estamos a ver.
- Moitas grazas, señor conselleiro!

Ao día seguinte persoeiros e conselleiros critican en diversos medios, amais da crtv e prensa afín, a inacción do goberno central.

- Isto é un desastre polo desleixo do goberno central, que permite que se

sigan achegando camiñantes e que entren na comunidade! O goberno autonómico non ten competencias nin recursos abondos para os deter!

Da normalidade absoluta pasouse a anormalidade clamorosa.

- Fumigar Compostela? Xa nos gustaría, pero e os composteláns que, eh?

Chegan reforzos policiais e patrullan os accesos a Compostela, insisten aos camiñantes en que dean volta, e estes non se resisten. Van en modo tranquilo, fican onde os deteñen, retroceden até onde lles obrigan e alí quedan, vagando nos arredores, sen tregua na súa camiñada malia se volver circular, á espera de poder continuar a viaxe.

- Se houbera un sitio onde mandalos!
- Ogallá!
- O Gaiás, claro!
- O Gaiás xa está cheo...

A situación da vila transcende os informativos estatais e internacionais. O círculo de masas colapsadas vaise agrandando fóra de Compostela e alcanza novas vilas: Lavacolla, Bertamiráns, Ames, Teo, Arzúa... Nun inicio, vilas situadas no camiño francés, mais logo nun área indiscriminada, en rutas alternativas lonxe das tradicionais xacobeas.

## 7

Chegaron rumores –non se poden chamar novas ao non estar acreditadas por unha axencia informativa de referencia, rumores logo–, de sucedidos no Muro das Lamentacións en Xerusalén. Os penitentes, so algúns deles ao principio, mais logo todos os que aló se achegaban, comezaron a bater contra o Muro de xeito contundente, sen reparar no sangue que escorregaba polas súas fronteiras. O espectáculo –segundo o refiren, pois as imaxes existentes foron censuradas e xa non están dispoñibles– semellaba desagradar aos que o contemplaban. Porén, ao acercarse ao muro para intentar deter aos batentes, parecían caer baixo o mesmo influxo, e daban en petar eles tamén contra a pedra e alarmar así a máis dos concorrentes, que na mesma dinámica achegáronse e remataron por dar croques contra o muro, que sufriu serios estragos. Comentan que os xudeus ortodoxos afectados perderon os seus bucles –eses típicos rizos laterais tornaron lisos–, asemade a cor da pel púñase agrisada e os movementos volvíanse espasmódicos. As forzas de seguridade non tardaron en intervir, mais tamén os seus integrantes víronse suxeitos ao mesmo pulo bourador, e amais con casco, polo que as súas turradas tiveron efectos máis destrutivos na parede, que nalgúns puntos sufriu fendas importantes.

Non se sabe se houbo acceso ao templo sacrosanto.

As imaxes que disque se puxeron nas redes foron filtradas polos servizos de intelixencia israleítas, vangarda no tema de ciberseguridade e IA. As que poida haber en dispositivos privados é outro cantar.

Decretouse o estado de alarma e peche de fronteiras. Continúa o estado de bloqueo informativo.

*Novas de Arabia Saudí, vía Al-Arabiya.*

O goberno saudita decretou o peche inmediato das cidade de A Meca e Medina para todos os peregrinos até novo aviso. A celebración do Hach, peregrinación que realizan os fieis musulmáns á Meca unha vez na vida no último mes do ano islámico, e para a que faltan catro meses, queda preventivamente

suspendida. Algúns analistas aseguran que non se celebrará, á vista do acontecido en Xerusalén no Muro das Lamentacións. Non se dan motivos explícitos, pero aléganse cuestións de seguranza que deben ser revisadas en relacións cos incidentes nos Umrah dos últimos días [dos que non se aporta detalles nin imaxes]. Lémbrese con apreensión a maior escorrentada acontecida alí, en 2015, que serve de aviso para actuar con prudencia. O Umrah é a peregrinación islámica á Meca que se pode realizar en calquera época do ano, non é obrigatoria como o Hach.

Al Jazeera informa tamén do sucedido na Meca nos últimos días.

Varios milleiros de persoas celebraban o Umrah e facían a visita á mesquita Masjid al-Haram. Daban as voltas de rigor a Kaaba e tocaban ou bicaban a Pedra Negra. Semellaban comportarse con total normalidade. Fontes por confirmar din que se produciu un tumulto cando varios dos peregrinos en troques de bicar a pedra bateron contra ela e, a partir de aí, producíronse tumultos nos que os fieis se achegaron desordenadamente a Kaaba e petaron contra ela de xeito continuado e inexplicable. As forzas policiais os apartaron da pedra sagrada mais outros peregrinos tomaron o seu lugar e seguiron o seu exemplo. Os gardas víronse obrigados a actuar con contundencia, pediron reforzos para manter a circulación e remataron pechando e baleirando o recinto.

Refiren medios locais que algúns dos peregrinos realizaron o rito da Lapidación do Demo –malia estar este reservado ao Hach e non practicarse no Umrah–, guindaron pedras contra o muro disposto a tal efecto e contra canto muro atoparon, e mesmo contra quen se puxo por diante ou quixo impedirilles este acto fóra de lugar. Os servizos de seguridade esforzáronse en reconducir a situación e producíronse numerosas detencións.

## 8

- Temos connosco á eminente epidemióloga Margarida Siounon para falarnos do omnipresente tema. Benvinda Margarida, temos tantas preguntas sobre esta cuestión! Confirmouse xa que se trata dunha infección vírica, certo?
- Certo, unha infección vírica, do virus nomeado XAC\_22. Descoñecemos a súa orixe, mais cremos que, moi probablemente, foi deseñado como vehículo de modificadores xenéticos. Aínda ignoramos por quen e para que se creou, se se liberou accidental ou voluntariamente... E, claro está, coñecer a súa orixe axudaría moito. De momento recompílese información clínica e estase a busca de tratamentos e vacinas.
- Que se sabe do modo de transmisión?
- A transmisión é a través dos fluídos corporais. Sangue, suor, cuspe, fluídos sexuais. Ouriña, feces.
- Está descartada logo a transmisión a través do aire, non é? É preciso o contacto estreito con algún zombi? Desculpe, así se lles chama popularmente, xa sabe, por esa pinta que teñen, que mesmo se espera que o traben a un.
- Seino, si. Porén, até onde sabemos, non morden. Pero, pola súa tendencia a agruparse, e de xeito moi próximo, resulta case inevitable o intercambio de fluídos como suor e cuspe, sen desbotar o sangue, pois rabúñanse moito, e amosan unha epiderme fráxil, deteriorada, con numerosas feridas.

O locutor reprime un aceno de desagrado con outro de fondo interese.

- Que avances hai respecto ao tratamento da infección?
- Seguimos aínda sen tratamento eficaz. É un momento delicado, sen dúbida. Os grandes laboratorios traballan contrarreloxo na procura de vacinas e soros inmunizantes e as medidas teñen que ser preventivas, polo de agora. Haise que manter afastado dos contaxiados e, de ter que se achegar, facelo con medidas de protección: traxes, máscaras, luvas.
- Que caracteriza a infección con este virus, o máis salientable?
- O virus xera modificacións xenéticas, con tres xenes afectados principalmente –SRY, WNT4, RSPO1–, e provoca unha mestura de

transformacións físicas e psíquicas.

- E eses xenes, en que interveñen?
- Na determinación do sexo, no establecemento de caracteres sexuais... Nada que, aparentemente, teña relación co cadro que presentan os infectados. A sintomatoloxía é a dunha peculiar encefalite. Desátase un impulso cinético irrefreable, con movementos espasmódicos. O andar vese afectado por unha rixidez característica, e un abaneo lateral non menos peculiar. Cremos que os desprazamentos inicialmente son erráticos, ou puideron selo. Porén, a conduta gregaria que amosan os infectados lévaos a sumarse a un desprazamento xa existente. Hai tamén evidencias de que provoca pensamentos obsesivos. Asemade, a infección limita as funcións cognitivas, e afecta á fala. Raras veces as condutas son violentas, malia terse dado casos. Tamén son moi frecuentes episodios de fortes cefaleas.
- Como non van ter cefaleas se non para de bater coa testa contra as pedras?
- Pode ser unha reacción desesperada fronte a dor que xa padecen. En calquera caso, o virus xa está a mudar, non sabemos que novos síntomas se poden presentar.
- Vaites! E da súa orixe, que nos pode dicir?
- Pouco ou nada. Fálase dunha orixe europea, pois a infección estendeuse principalmente nas áreas de Roma, Lourdes, e, moi principalmente, Compostela, onde se da, con diferenza, a situación máis grave. Mais tamén existen outros focos no oriente medio e Asia. Nesas rexións hai infectados con este mesmo virus, ou polo menos, que desenvolveron síntomas semellantes: conduta gregaria, translación imparabile, traba da fala, deterioración epitelial... A falta de transparencia dalgúns dos gobernos implicados impide a colaboración científica, imprescindible para afrontar o que xa é unha pandemia declarada.
- Cinguíndonos á península, como é que chegamos a esta situación? Acaso polo camiño a Compostela esta xente no chamaba a atención? Ou talvez ían empeorando a medida que se achegaban á cidade?

- Iso é o máis probable. O período de incubación é variable. Dependendo da carga vírica do infectado, a súa transformación pode levar de horas a días, ou até semanas. Ademais, cremos que ao congregarse de xeito tan masivo, exacérbase o comportamento mimético, e retroaliméntase. O virus semella fomentar o impulso gregario que xa ten a especie humana. Partillar ideas e símbolos favorece iso, aínda que vemos que, co virus, a relación entre a capacidade simbólica e a lingüística vese afectada. E non sabemos a evolución que isto pode ter. Hai moitas incógnitas.
- Xa. E outra dúbida que nos ten en vilo: como é que non se contaxian os composteláns?
- É que si se contaxian.
- Non!
- Si. Moitos, de feito. Son portadores e non desenvolven a enfermidade. Por que tan alta inmunidade nesta poboación? Non o sabemos.
- Será que xa están curtidos por moitos xacobeos? Desculpe o chiste.
- Estase estudando con interese, pois ben podería apuntar algunha solución.
- Antes de rematar, quere engadir algo, doutora? Algunha recomendación á poboación?
- Manter a calma e empregar as medidas de protección. Evitar lugares masificados, moi especialmente se hai presenza de infectados. Estamos ante un virus altamente contaxioso. Cómpre deter tanta mobilidade, manterse nas burbullas de convivencia mínima e nas áreas xeográficas máis reducidas posibles. En suma: evitar contactos e movementos.
- Non será doado. O mundo, como o coñecemos, non pode estar así moito tempo.

A doutora óllao desafiante.

- Tamén temos outra opción: viaxar a tope, consumir canto antes a enerxía fósil existente, e os recursos todos en canta cousa se nos ocorra, canto máis innecesaria mellor, para non alongar esta agonía que a ciencia non pode solucionar, pois a ciencia non abonda para cambiar a mentalidade das masas. Iso faise dende os medios de comunicación, non é?



## 9

Pedra e percusión. A cefalea recrúa e todos semellan buscar o mesmo acougo. Vagan pola cidade batendo contra soportais, fontes, trasantos, piares. Xa hai cornixas e paramentos que soltan areas, xabre do granito erosionado polas rañadas e bateduras. Pilastras que abanean, varandas que se vencen, perpiaños que perden a inmovilidade absoluta. Musgos e liques que espertan bruscamente do sono centenario.

Os camiñantes vanse afastando empurrados pola presión dos novos que chegan. Marchan aos arredores, pero sempre onde haxa muros e urbanización. Os parques non lles prestan. Queren construcións, de pedra a poder ser, se é barroca magnífico, se é medieval non ten igual.

As forzas de seguridade intentan controlar a riada, desviala, canalizala. A violencia revélase contraproducente. Os antidisturbios só conseguen alporizalos coas malleiras, e unha vez enfurecidos non teñen acougo, medra o seu ritmo de batida e, como presas de frenética epilepsia, desfáanse a golpes contra as pedras. Da pena velos, da medo telos preto. E poñen todo perdido.

Levaron algúns á cadea, pero dada a súa presenza masiva impónse outra estratexia. Mellor pastorealos, que polas boas non son de tan mal levar. O de ir ao santo dos Croques non o perdoan, pero xa logo, con alguén que os guíe, pódese organizar a circulación. Así os levaron ao Gaiás. E intentaron conducilos ao monte do Gozo, pero non os deron afastado tanto da vila.

E non paran de chegar máis.

Fican espallados pola estación de tren, a de autobuses, polo campus. Do barrio das Fontiñas até o de Conxo vense fatos que se unen e se separan con dinámicas obxecto de estudo. Certos observadores fan notar que nalgúns dos que pasan moito tempo sen bater contra algo, agroman protuberancias indeterminadas.

Non faltou quen propuxo envialos a Fisterra 'e que se guinden polos cantís abaixo'. Até houbo quen se puxo ao fronte deles –un gaiteiro de Allariz farto daquel pesadelo– e intentou conducilos con música fóra da vila. Sen éxito.

Hai quen xa prevé que desfarán a cidade. A vila santa é de pedra e eles son

termitas que a derrubarán, absortos no seu bater. Que virus pode facer iso, que infección da pulo a esas condutas?

- Teñen un algo gregario, de insecto. Sempre xuntos, a andar, a bater...
- graoumff baunn toummm
- É unha maldición.

E de socato as cabezadas que dan como tolos se sincronizan. Xa acontecera antes, pero desta volta a sincronía non remata ao cabo duns poucos segundos, senón que se prolonga e fai que medre a alarma.

Antes xa case nin se escoitaba o bater contra a pedra, espallados os golpes no tempo, afeitos os oídos a azueira do continuo bater. Agora a sincronía crea unha vibración dunha amplitude que non cesa de aumentar. Antes anulábanse unhas vibracións con outras, agora amplifícanse. Unidas nun lategazo simultáneo, acadan enerxía abonda para rachar as pedras máis fortes da vila santa.

Xa non é un sansanicar de cascallos, ciscar areas, abrirse pequenas fendas previamente insinuadas na rocha. Agora bailan as lastras, tremen os muros, creban os linteis. Esvaran as laxas, móvense as arquitrabes, estalan os vidros, caen os balaústres como birlos. A pedra que soportou séculos, que se pensou eterna, ameaza derruba inminente.

Exasperados polo ritmo implacable, impelidos pola vibración crecente, os camiñantes ruben polos muros: os do mosteiro de san Paio na Quintana, os de san Martiño Pinario, os de santa Clara. Chegan aos tellados, uns pousan como gárgolas novas, outros alcanzan os campanarios.

Cada sacudida move bancos, lanza tapas de sumidoiros, desprende as follas de todas árbores en plena primavera. Caen os transeúntes. Nas prazas levántanse as lousas, nos arcos descolócanse as pedras chave, as columnas tórcense e as igrexas comezan a parecerse todas á do Sar. E a do Sar, malia os seus inmensos contrafortes, inclínase máis aínda e marca o inicio da derruba xeral.

Comezan a desprenderse bloques das bóvedas.

Apocalipse da pedra.

Os órganos súmanse á vibración xeral. O da catedral, o de San Martiño Pinario, o das Ánimas, o de san Paio, o de Bonaval... Caen os cascotes sobre os teclados e rexistros. Aire do inferno enche os foles, ventos de demolición animan as tubaxes, harmonías de desbandada de elefantes aseñóranse do espazo. Sons desatados como bucinas do alén. Chamado aos mortos na vila, aviso dos novos navegantes que se van aventurar nas augas finais, pedindo lles abran paso pois van ás cegas.

Os composteláns que aínda quedan consideran que, xa si, é momento de abandonar a vila.

Entón, as campás.

As úvulas das gorxas enmudecidas dos camiñantes son substituídas polos badalos das campás que comencan a soar, todas xuntas. As da torre das Campás, a Berenguela, as de Bonaval, santo Agostiño, san Pedro, san Francisco, as de Conxo... Sacoden os tímpanos de todos os que aínda non fuxiron. Algúns envolven a cabeza con mantas e almofadas e agóchanse do ruído como poden, pero os sorprendidos ao descuberto, sen poder fuxir do estrondo –as simples mans pouco valen para defender os oídos– tolean e comezan asemade a darse de cabezadas contra os muros. Coma os camiñantes. O sangue escorrégalles dos oídos.

Os camiñantes empoleirados caen dos campanarios e os teitos. Xunto con eles esboroan as cornixas, anacos de arquivoltas, trozos das cubertas desfeitas como faragullas. Caen as dúas Marías na Alameda. Afúndese a cúpula da igrexa de san Francisco e o estrépito óese en quilómetros. Cae do cabalo Santiago matamouros, como se fose Paulo. Caen anxos dos ceos.

Ábrese unha fenda no arco central do pórtico da Gloria. Racha o tímpano de extremo a extremo. O Pantocrátor abanea. Caen ao chan os primeiros fragmentos do Apocalipse. Un pergameo, unha cabeza de león, un salterio, un anxo, un laúde, unhas tenazas con lingua.

Un tremor sagrado sacude á cristiandade.

## 10

E séntese en Madrid.

O exarcebispo asiste á hecatombe dende a distancia do seu ático de luxo na rúa Bailén, preto da Almudena, onde os murais de Kiko Argüelles están a descolorir coa indignación. Como se chegou a isto! Estragan a que foi centro de peregrinación durante séculos, a súa diocese durante lustros! E o mundo asiste impasible ao espectáculo! Inacción absoluta fronte á Apocalipse! A bile súbelle polo esófago, as laparadas pugnan por saírlle da boca.

Nun estado de tensión insoportable vai recibindo novas do desastre, asemade intenta descubrir a súa orixe. Segue o seu instinto –nunca lle fallou– para escolmar entre os ruxerruxes que circulan. Remove literalmente Roma con Santiago para saber que demo pasa aí e, como un lóstrego, recibe unha confidencia procedente do máis escuro das finanzas vaticanas. Parece que algúns na curia excedéronse moito nas súas atribucións. Devese por ter os detalles, pero xa vive demasiado afastado dos círculos de poder eclesiástico, que sempre souberon gardar hermético silencio sobre asuntos criminais e espíñentos. Escándalo maiúsculo se transcendese que membros da Igrexa teñen relación con este desastre! E o asunto semella enleado de máis para obter algunha información que axude no esencial, no apremante: deter a invasión de Compostela, pór fin á degradación da vila santa. E borrar da face da terra aos que perpetraron a profanación e destrución do lugar xacobeo. Impedir que espallen o seu fétido alento a outras vilas cristiás. Sexa cal for a orixe do pandemonio, o que urxe é detelo!

E el é o indicado. Mentres todos pasman diante da catástrofe sen facer ren, non hai dúbida no seu ánimo! El é o Sinalado. Quen senón terá azos para pór coto á invasión, para dar un escarmento que marque a liña a seguir contra esa infección incurable? El logrará que a mensaxe de Deus se escoite urbi et órbita. É tempo de premer a Tecla, a santa Tecla da ignición.

Pídelle ao seu secretario que lle traia ‘o maletín’. Este óllao con temor e reverencia.

- O maletín?

O prelado asente firme, solemne. O secretario abre os paneis da falsa biblioteca, pulsa a combinación da caixa de seguridade, extrae o maletín e pousao no escritorio de faia centenaria.

A súa Ilustrísima senta diante do maletín. Enche lentamente o peito de aire e resolución, insire a clave de apertura e suspira ao tempo que a tapa se eleva, queda. A súa determinación é granítica. Diamantina. Acende o dispositivo tan celosamente gardado e persígnase.

- Perdóame Señor, pero alguén ten que facelo.

Xunta as mans, inspira fondo coa mirada baixa, e con decisión introduce as coordenadas: latitude 42.88069836083175, lonxitude -8.544598280917741.

Preme a Tecla para iniciar o proceso de armado do mísil e ao instante, a seiscentos quilómetros do despacho, na igrexa de San Xoán de Panxón, o fermoso minarete do arquitecto Palacios abre o seu bicudo teito para permitir a saída do mortífero proxectil alí oculto. O artefacto asoma a punta facendo tremer a estrutura da igrexa, derruba o alto do minarete, logo a torre toda. O templo enteiro desfaise nun monte de cascallo mentres o foguete levanta o voo e racha un ceo estrañamente azul, camiño de Compostela.

O prelado, consciente do irremediable do seu acto, sobrepasado pola intensidade do momento, treme e convulsiona, debrúzase sobre o maletín mentres murmura entre dentes, no derradeiro estertor:

- Señor, perdooa ao teu servo, ten compaixón de todos nós!

O mísil acada o seu obxectivo sen que ningún sistema de seguridade o intercepte. Minutos despois do impacto, a mensaxe de alarma chega á XEMAD<sup>1</sup>. Cazas eurofighter sobrevoan a zona, drones toman imaxes do cráter e a área devastada. Decrétase o estado de excepción. Péchase o espazo aéreo, bloquéanse as estradas, desvíanse voos e transportes. Efectivos da Brilat e da UME desprázanse até a zona para establecer un cordón. Está por determinar se o ataque é bacteriolóxico ou químico mais, dentro da aflicción, felicítanse de que non sexa nuclear.

---

1 Xefatura do Estado Maior da Defensa

Os esforzos concéntranse no esclarecemento da súa orixe. Os rexistros dos radares indican que o mísil saíu de Panxón. A igrexa derrubada confirma de xeito elocuente a orixe do lanzamento. Como se pode ter un mísil terra-terra instalado nunha basílica sen que ninguén o saiba? Dende cando estaba aí? O párroco de san Xoan de Panxón é detido e aplícaselle a lei anti-terrorista.

A nova é viral. O nome de Compostela chega, unha vez máis, a todos os titulares, cabeceiras, redes. A alarma propágase a outros centros de peregrinación. Nos medios internacionais medra o pasmo e a incompreensión, especialmente ao saberse que o mísil foi lanzado dende o propio territorio.

Diversas organizacións –grupos ultrarrelixiosos, paramilitares, inversores en criptomoedas– reclaman a autoría dos feitos. Sucédense as mensaxes nas redes, entre as que destacan a do presidente de Corea do Norte Kim Jong-un parabenizando aos autores, e a do máis recente ex-presidente dos USA, na mesma liña.

## 11

No cráter da explosión que arrasou a vila, a súa poboación e os seus pouco apreciados visitantes, fumean moitos interrogantes. Case tantos como no das Torres Xemelgas. Algúns esvaecen co vento, e outros coas novas que van xurdindo. Como a da orixe da pandemia, que apunta á irresponsable actuación dunha multinacional biotecnolóxica. Inadmisibles erros de seguranza nun laboratorio de nivel 4 –o máximo en seguridade biolóxica– emprazado no Pirineo oscense, culminan coa liberación do virus. A reacción de pánico da empresa propicia que o fallo chegue a catástrofe: omiten a alerta ás autoridades sanitarias, esfórzanse en borrar os rastros da operativa e obstaculizar as investigacións. Porén, a testemuña dun membro do equipo, a enfermidade doutros dous, as análises realizadas no ecosistema, deitan evidencias incontestables. O virus saíu ao exterior das súas instalacións e atopou anfitrións diversos, malia ningún desenvolver as ansias peregrinas e gregarias dos humanos. Ben ao contrario, disque o gando da contorna tornouse estático e arisco.

Ofertas e ameazas mestúranse para que a empresa colabore e facilite o desenvolvemento de fármacos e vacinas. Mais non transcendeu o obxectivo concreto do seu traballo e arestora continúa ás escuras a relación entre a edición xenética e a encefalite peregrina.

Compostela está desaparecida da face da terra pero, aínda que non hai catedral, segue a haber peregrinacións. Os camiñantes infectados, moi reticentes aos tratamentos que se lles ofertan, continúan coa súa ruta, e a eles súmanselle outros que van contemplar os estragos, un turismo de catástrofe que non é de desprezar para o sector hostaleiro. A vida segue. Úneselles tamén xente impulsada pola curiosidade de coñecer o camiño e saber que pracer se atopa ao patear quilómetros diarios. Que é o meu caso.

O camiño é longo e ás veces faise duro, pero iso non quere dicir que non haxa que facelo cun certo estilo. Un día pódese ir desaliñada, e dous tamén, pero

logo sempre se atopa unha tendiña onde comprar unha camisola brilli-brilli, alguén que che empreste unha sandalia que non manque, ou talvez unha pouca maquillaxe. E, cando nos imos achegando a unha vila, do calzado cómodo pásase ao tenis de plataforma e á chiruca *fashion*. E do protector solar á purpurina. Empeza unha e, claro, as outras non imos ser menos. Ao cabo duns días aquilo converteuse nunha *great parade*. O entusiasmo polo *outfit* realiméntase: déixame ese *short* tan chulo, anda; e ti esa americana de liño; próbate este corpiño que fai un busto supersexy; quen ten *rouge* indeleble, que co bocata sempre se me corre todo?

Nace o *fashion trekking*, o *trekking parade style*, a *walking party*... O camiño está feito unha pasarela. Imos volteando bastóns con donaire e saudando aquí e alá. Se temos o día coqueto, váisenos a mañá en estucar, deliñar pálpebras e beizos, sombrear ben os pómulos, ver que poñemos. Queremos chegar espléndidas e présa non hai, que mellor que o estamos pasando non o imos pasar.

Co gallo dun concerto no monte do Gozo, organizado para axudar á reconstrución de Compostela, súmase máis xente á peregrinación. O evento dálle un novo sentido a esta marcha que facemos, na que cada día demoramos máis a andaina, e collemos canta desviación atopamos.

Chegan máis explicacións sobre o acontecido, relativas ás mutacións xenéticas producidas polo virus. Inciden no impulso sexual, que coa infección se alterou de xeito paradoxal: sentíase un desexo crecente e asemade tendencia a reprimilo ou desvialo. A camiñada presentouse coma un xeito eficaz de orientalo, unha sublimación da libido dos infectados para facilitar a pertenza ao grupo, de maneira que podían permanecer moi xuntos sen excitarse. Cando menos, nas primeiras fases. Máis adiante desatouse neles unha síndrome de aguda necesidade de penitencia, que derivou na autoflaxelación con croques incesantes. E retroalimentouse en troques de saciarse. Un xeito –arrepante mais efectivo– de acadar acougo sexual. Aí foi a apocalipse.



A festa peregrina continúa a animarse. A evolución imparabile do virus, sen dúbida, contribúe a elo. Camiño do monte Gozo sucédense as escenas de intercambio sexual con frecuencia crecente. O virus, na súa acelerada evolución, favorece mutacións inesperadas, unha panoplia de variedade e diverxencia que fai dos encontros eróticos un Xardín das Delicias. Mingua ostensiblemente o impulso andador a prol do copulador. Os coitos multiplícanse, ampliáanse, son xa a verdadeira meta dos camiñantes. Camiñantes mutantes, con órganos sexuais masculinos, femininos e por determinar, que propician unha fantástica combinatoria nas xuntanzas. Agroman novos órganos sexuais que son amosados, apalpados, experimentados con pasmo e ledicia: pseudópodos excitables, penes envolventes, acios carnosos, dedos-lingua, opérculos que se abren ao son da música, clítoris adventicios, arquegonios de textura mucilaxinosa, púas e espículas retráctiles, exaptación de órganos existentes, a miúdo cun novo revestimento de cilios vibrátiles. As dúbidas sobre como os empregar resólvense gustosamente e sobre a marcha. A busca do pracer mestúrase máis que nunca coa descuberta do corpo des outros.

Este é o noso camiño, cara ao monte do Gozo.

E parece que chegamos.

